



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Orientación e políticas de emprego	Código	652G03031	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación			
Coordinación	Perea Vega, Gustavo Ariel	Correo electrónico	gustavo.perea@udc.es	
Profesorado	Perea Vega, Gustavo Ariel	Correo electrónico	gustavo.perea@udc.es	
Web	www.udc.es/fymide			
Descrición xeral	Esta materia proporcionará claves para analizar e valorar as políticas de emprego que se están levando a cabo nos contextos galego, español e europeo, de xeito que se interioricen como ferramentas de traballo desde un dobre rol: primeiro como futuro/a persoa en busca de emprego que terá que usalas para a súa propia inserción, e segundo, como futuro/a educador/a que terá que desenvolver programas formativos e de inserción na comunidade. Transversalmente, o alumnado valorará criticamente a perspectiva institucional do escenario sociolaboral no que estamos a vivir e as alternativas posibles ao incremento das desigualdades sociais.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Analizar o escenario sociolaboral	A3		
Identificar e analizar as políticas de emprego	A3 A5		
Elaborar unha diagnose dunha comarca galega e propón alternativas de actuación	A15		
Oriéntarse cara a orientación profesional como medida activa de emprego na que pode intervir o/a educador/a social	A17		
Buscar información sobre o actual mercado laboral	A3	B1	
Analizar as características das actuais políticas de emprego a nivel autonómico, estatal e europeo	A3 A5	B1	
Sintetizar e valorar criticamente as políticas de emprego actuais a nivel autonómico, estatal e europeo	A3 A5	B1	
Propoñer alternativas á actual crise económica desde a perspectiva do/a educador/a social	A3 A5	B1	
Transmitir criticamente a información desde o rol de educador/a social	A3 A5	B1	
Diseñar un dossier no que plasma os resultados de aprendizaxe adquiridos	A3 A5	B1 B2	
Integrar actitudes éticas e deontolóxicas ao valorar criticamente as políticas activas de emprego e ao transmitir criticamente a información desde o rol de educador/a social	A3 A5	B1 B5	
Comunicar na aula as súas valoracións críticas sobre as políticas de emprego e o rol que interpreta o educador/a nelas	A3 A5	B1 B6	C1
Buscar información sobre o escenario sociolaboral e as políticas de emprego usando as TICs	A3 A5		C3



Utilizar as TICs para a elaboración de dossiers, informes e materiais para a materia	A3 A5		C3
Planificar as súas necesidades de formación no campo das TICs			C3
Utilizar as TICs nos procesos de simulación de orientación das persoas desempregadas	A15 A17		C3
Manexar distintas fontes de información que lle permiten exercer unha cidadanía crítica e formular solucións orientadas ao ben común	A3 A5 A15 A17		C4
Valorar e ter presente as políticas de emprego relacionadas co mundo emprendedor	A3 A17		C5
Interiorizar desde o punto de vista do educador/a social a importancia da cultura emprendedora como elemento alternativo ao traballo por conta allea	A17		C5
Interiorizar a importancia da formación ao longo da vida	A17		C7
Elaborar o seu itinerario formativo a longo prazo	A17		C7

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA I. O escenario sociolaboral	A evolución do traballo A evolución do desemprego Competencias actuais Situación da muller neste contexto
TEMA II. As políticas de Emprego: evolución e situación actual	As políticas de Emprego na Unión Europea As políticas de Emprego en España As políticas de Emprego en Galicia
TEMA III. A orientación profesional como medida activa de emprego	Organización Accións Pasos Profesionais

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 A5	21	44	65
Mapa conceptual	A3 A5 B1 B2	1	8	9
Análise de fontes documentais	A5 A15 B1 C3 C4 C5	2	10	12
Discusión dirixida	A17 B1 B5 B6 C1 C4 C5 C7	12	2	14
Portafolios do alumno	B2	2	20	22
Traballos tutelados	C3 C7	2	14	16
Lecturas	C7 C4	1	8	9
Actividades iniciais	A3	1	0	1
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O profesor exporá oralmente os contidos da materia a nivel conceptual, complementados co uso de medios audiovisuais, e supervisará as distintas metodoloxías coas que terá que traballar o alumnado



Mapa conceptual	O alumnado confeccionará un traballo individual no que establecerá relacións entre os conceptos aprendidos nas sesións maxistras
Análise de fontes documentais	O alumnado buscará e utilizará documentos audiovisuais e/ou bibliográfico/webgráficos relevantes para a materia seguindo as indicacións do profesor
Discusión dirixida	O alumnado discutirá sobre a situación sociolaboral actual, as políticas de emprego desenvolvidas e o seu rol como educadores/as á hora de levar a cabo unha orientación laboral
Portafolios do alumno	O alumnado recollerá nun portafolio as aprendizaxes realizadas durante o período da materia. Este portafolio servirá para avaliar ao alumnado.
Traballos tutelados	O alumnado traballará autonomamente nas temáticas desenvolvidas na aula baixo a supervisión do profesor
Lecturas	O alumnado terá que introducirse no hábito de lectura como fonte de actualización profesional importante para a toma de decisións con fundamento
Actividades iniciais	O profesor realizará unha actividade inicial de sondeo para ver os coñecementos previos do alumnado

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Na atención personalizada o profesor resolverá as dúbidas que teña o alumno sobre os diferentes temas a traballar na materia.
Portafolios do alumno	
Mapa conceptual	Esta atención personalizada realizarase no despacho do profesorado no horario de tutorías. Este horario está colgado no taboleiro que está no despacho do profesor, na páxina web do departamento de Filosofía e Métodos de Investigación en Educación como da Facultade de Ciencias da Educación.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	B2	Os criterios de avaliación estarán relacionados cos resultados de aprendizaxe a adquirir, e que se terán que trasladar a este portafolio	100

Observacións avaliación



ASISTENCIA

A asistencia ás sesións presenciais é obrigatoria. O alumnado con asistencia regular, que non acuda a unha clase na que se realice algunha actividade, terá que facela individualmente e entregala na seguinte sesión. Se un/ha alumno/a non acada o 80% da asistencia, terá unha cualificación de non presentado na primeira oportunidade. A asistencia xustifícase en base a que unha boa parte das actividades de avaliación desenvólvense na aula. Na oportunidade de xullo realizará un exame teórico e práctico. Tamén se poderá acordar a realización dalgúns das actividades. Aquelas persoas con matrícula a tempo parcial poderán acollerse a unha modalidade de avaliación específica. Para isto, cómpre solicitar unha titoría, antes ou inmediatamente despois do inicio da materia, co obxecto de establecer as actividades de avaliación e o proceso de supervisión e seguemento.

REQUIRIMENTOS PARA APROBAR A MATERIA
 A cualificación final será o resultado da puntuación obtida no portafolio do alumnado. Para superar a materia é indispensable obter a metade da cualificación no portafolio. Cando non se realice a cualificación será non presentado. Na segunda oportunidade deberán de facerse a actividade de avaliación non superada. O portafolio do alumnado é unha actividade individual e conterá os seguintes apartados: Aprendizaxes adquiridas na materia (que sabía /que aprendín, en qué seguir formándome) Relación/vinculación coas distintas materias cursadas no grao. Achegas da materia para a observación e análise durante o Practicum Reflexións sobre a materia e aspectos a mellorar

ACADÉMICA: Ausencia de citación de fontes

As citas e referencias a calquera tipo de texto deben declararse. O uso de texto literal ou ideas doutros autores ou autoras parafraseadas sen declarar supón o suspenso do traballo en aplicación do artigo 14.4 da Normativa académica de avaliacións, cualificacións e reclamacións, aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013, que establece na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Os contidos incluídos nos traballos deben estar referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias usando as normas APA 6ª edición. O texto literal debe declararse usando as normas APA 6ª edición. No parafraseo deben figurar as fontes orixe das ideas que se re-elaboran.

FALSIFICACIÓN DUNHA FIRMA: Asinar na folla de asistencia por un/unha compañeira ou compañeiro ausente será penalizado coa perda de avaliación continua.

COPIA NOS EXAMES: O uso indebido de información durante os exames tamén será motivo de suspenso.

NORMATIVA ACADÉMICA DE AVALIACIÓNS, CUALIFICACIÓNS E RECLAMACIÓNS

https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avalacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf

Fontes de información

Bibliografía básica	<p>Navarro, V. Torres, J. e Garzón, A. (2011). Hay alternativas. Propuestas para crear empleo y bienestar social en España.. Madrid: Editorial Sequitur</p> <p>Castillo, J. J. (2009). La soledad del trabajador globalizado. Memoria, presente y futuro.. Madrid: Editorial Catarata</p> <p>García, J. A e Saban, C (coords) (2008). Un nuevo modelo de formación para el S XXI. La enseñanza basada en competencias. Barcelona: Editorial Davinci</p> <p>Vence, X. (2011). Crise e radicalización neoliberal. As alternativas silenciadas. Santiago: Editorial Laiovento</p> <p>Ruiz Viñals, C. (Coorda) ((2006)). Políticas sociolaborales. Un enfoque pluridisciplinar.. Barcelona: Editorial UOC</p> <p>Garzón, A.; Torres, J. e Navarro, V. (2012). Lo que España necesita . Bilbao: Editorial Deusto</p>
Bibliografía complementaria	<p>Bastida, A. (2001) La inserción sociolaboral. Reflexiones sobre la práctica. Madrid, Popular</p> <p>Carmona, G. (2001). El plan personal para la inserción socio-laboral: teoría y práctica en la empresa para la inserción laboral. Huelva, Universidad de Huelva</p> <p>Casal, J. (2000). ¿Modalidades de transición profesional y precarización del empleo?, en Cachón, L. (ed.). La inserción profesional. Alzira, Germania, pp. 151-180</p> <p>GALLART, M.A. (2002). Educación y trabajo. Montevideo, Cinterfor.</p> <p>MARHUENDA, F. (coord.) (2006). La cualificación profesional básica: competencias para la inclusión sociolaboral de jóvenes. Revista de Educación, nº 341.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Orientación ocupacional/652G03021

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

Orientación e Políticas de Emprego complementa os contidos da materia Orientación Ocupacional. Permite analizar a evolución e características actuais do mercado laboral, das políticas de emprego desenvolvidas na Unión Europea, en España e en Galicia, así como distintas olladas sobre as reformas laborais e das pensións e sobre a actual crise e como se pode atallar.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías